

UNIVERSIDADE  
DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Rodríguez, Pablo  
Barreiro Blas, Antonio  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>.  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>.  
Montero Muñoz, María

### DESCULPA ASISTENCIA

Allegue Agüete, Pilar  
González Crespán, Araceli

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o venres día 7 de marzo de dous mil oito ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda.

O venres, día **7 de marzo de 2008**, ás 10:05 horas, na Sala de Xuntas Reitoría, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13 de abril de 2007.
2. Ratificación do calendario para a elección de representantes dos estudantes no Claustro Universitario e aprobación, se procede, do procedemento.
3. Ratificación do calendario para a elección de representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento e aprobación, se procede, do procedemento.
4. Ratificación do calendario para a elección de representantes do PDI e do PAS nos Consellos de Departamento e aprobación, se procede, do procedemento.
5. Aprobación, se procede, do envío aos membros da Comisión Electoral da documentación que acompaña á convocatoria das sesión deste órgano en formato electrónico.
6. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13 de abril de 2007.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Ratificación do calendario para a elección de representantes dos estudantes no Claustro Universitario e aprobación, se procede, do procedemento.

**Punto 3.** Ratificación do calendario para a elección de representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento e aprobación, se procede, do procedemento.

**Punto 4.** Ratificación do calendario para a elección de representantes do PDI e do PAS nos Consellos de Departamento e aprobación, se procede, do procedemento.

Trátanse conxuntamente os tres puntos tendo en conta que o calendario é o mesmo e o procedemento similar.

A secretaria xeral sinala que na sesión do Consello de Goberno de 5 de marzo aprobárense as convocatorias de estas eleccións xunto cos calendarios das mesmas. Seguidamente, pasa a revisar as distintas datas que figuran no mesmo.

No que se refire aos procedementos, non hai modificacións fronte aos procedementos actualmente vixentes, salvo algunha puntualización das que a secretaria xeral pasa a mencionar as máis salientables.

No Procedemento para a elección de representantes de estudantes nos Consellos de Departamento, inclúese no apartado 4 como alumno de terceiro ciclo, xunto ao estudante matriculado nun programa de doutoramento, o que estea matriculado na tese de doutoramento, de acordo co artigo 20.3 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, así coma o Decreto 135/2007, de 12 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2007/08.

Por último, no que se refire a eleccións de representantes de Consellos de Departamentos, a secretaria xeral expón a nova interpretación que o Consello de Goberno na súa sesión de 5 de marzo deu aos apartados b) e e) do artigo 45 dos Estatutos, á vista do Real Decreto 63/2006, de 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal de investigación en formación.

Na sesión de Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2006 aprobouse a seguinte interpretación do art. 45 dos Estatutos:

- No apartado b) que se refire expresamente a “todo o persoal docente e investigador a tempo completo”, se incluían aos bolsellos de FPI e FPU.
- No apartado e) que alude a “unha representación do persoal investigador en formación”, se incluían como investigadores en formación aos restantes bolsellos predoutorais (Xunta, Universidade, outros) e aos titulados universitarios ou doutores con contrato a cargo de proxectos de investigación.

Con posterioridade a esta interpretación, aprobouse o Estatuto do persoal investigador en formación que no seu art. 4.1 establece unha distinción na situación xurídica do persoal en formación:

- Situación de bolsa: que comprende os dous primeiros anos dende a concesión da axuda.
- Situación de contrato laboral, una vez superado o período de beca e obtido o Diploma de Estudos Avanzados.

De acordo co anterior, a nova interpretación aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión de 5 de marzo foi:

- Apartado b): persoal investigador a tempo completo: incluír aos contratados de investigación a tempo completo non doutor: FPI, FPU, María Barbeito e UVigo.
- Apartado e) incluír aos bolseiros de investigación (FPI, FPU, Xunta, UVigo) e titulados universitarios ou doutores con contrato a cargo de proxectos de investigación.

O Sr. Álvarez Rodríguez considera que a función de interpretación do art. 45 dos Estatutos é competencia da Comisión Electoral e non do Consello de Goberno.

A secretaria xeral contesta que esta cuestión é previa ao proceso electoral e transcende das competencias da Comisión Electoral.

Debátese sobre o tema entre os Srs. Álvarez Rodríguez, Fernández Fernández, a secretaria xeral e a presidenta da Comisión. Rematase sinalando que todos están conformes co contido da interpretación feita.

O Sr. Fernández solicita que esta interpretación se remita a todos os membros das comisión.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, do envío aos membros da Comisión Electoral da documentación que acompaña á convocatoria das sesión deste órgano en formato electrónico.


A secretaria xeral comenta que tal como se fixo xa en relación á documentación de Consello de Goberno e como se fará coa de Claustro, se propón que toda a documentación desta Comisión se remita de forma electrónica ao correo electrónico da Universidade. Por suposto, a convocatoria remitirase por escrito.

Apróbbase por asentimento.

**Punto 6.** Rogos e preguntas.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:20 horas do día 7 de marzo de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



Esther M.ª González Pillado